


Terras de Acolá

Serie Documental



ÍNDICE

1. Características
2. O mundo luso
3. Formato
4. Contidos
5. Equipo profesional
6. Colaboracións

Terras de Acolá

Serie Documental

1. CARACTERÍSTICAS

Xénero:----- **Serie documental**
Número: ----- **13 programas.**
Duración: ----- **26 ´c/u**
Periodicidade: ----- **Semanal**
Formato: ----- **Dixital 4x3**
Produce: ----- **Televisión de Galicia-Productora Faro.**

CAPÍTULOS

- Cap 0: Presentación.
- Cap 1: Portugal, miradoiro oceánico.
- Cap 2: Portugal, serras e chairas.
- Cap 3: Portugal, raias na auga.
- Cap 4: Açores e Madeira, o mediterráneo atlántico.

- Cap 5: Cabo Verde, a patria da *morabeza*.
- Cap 6: Guiné-Bissau, mosaico de pobos.
- Cap 7: São Tomé e Príncipe, as illas do chocolate.
- Cap 8: Angola, latexar africano.
- Cap 9: Moçambique, escintilar no Índico.

- Cap 10: O Brasil, ronsel da Descuberta.
- Cap 11: O Brasil, o río do mar doce.
- Cap 12: Timor-Leste, a illa do sol.
- Cap 13: Irmandade atlántica

Terras de Acolá

Serie Documental

2. O MUNDO LUSO

A serie documental de televisión “Terras de Acolá” está configurada como un achegamento ao mundo da lingua portuguesa, e dicir, abrangue Portugal e os países integrados na CPLP (Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa), que son os que posúen o idioma portugués como lingua oficial.

Seguindo o ronsel trazado por anteriores series documentais, “Terras de Merlín” (países celtas) e “Terras do Leste” (novos países da UE), “Terras de Acolá” é unha terceira entrega cunha filosofía semellante ás precedentes sobre o afondamento na historia, lingua, costumes, folclore, tradicións, xentes e particularidades etnográficas dos pobos, ofrecidas cun máximo de calidade, tanto na guionización coma no acabado estético do produto audiovisual.

Para o telespectador xeneralista, o interese radica na proximidade xeográfica e cultural duns países tantas veces citados pero aínda moi descoñecidos e cheos, ás veces, de prexuízos pouco acordes coa realidade.

Asemade “Terras de Acolá” (que tanto en idioma galego como en portugués vén significar “proximidade”, “veciñanza”...) terá tamén un espírito divulgativo, accesible, e cun formato nitidamente dirixido a todos os públicos, lonxe de pretensións minoritarias ou excesivamente culturalistas.

Como novidade creativa achegará anécdotas, curiosidades, momentos de humor ou situacións inesperadas, propias das viaxes. A súa amenidade irá acompañada da investigación rigorosa, fuxindo das superficialidades.

As relacións co Océano, como país de navegantes e descubridores, será motivo esencial nos guiños de “Terras de Acolá” que resaltará a capacidade iniciática dos portugueses e a súa marca internacional e atlántica o través dos séculos. Neste senso, as visitas aos países lusófonos son un novo reto viaxeiro que acada caracteres de exotismo.

Terras de Acolá

Serie Documental

3. FORMATO


“Terras de Acolá” é unha serie documental que consta de 13 capítulos cunha duración de 26´ mais unha presentación inicial de 4´, e cunha continuidade en emisión de cadencia semanal. Tres deles estarán dedicados ao Portugal continental, un ás illas atlánticas (Os Acores, Madeira). O Brasil terá dous capítulos e cadanseu os países africanos lusófonos, integrados nos PALOP (Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa): Angola, Moçambique, Cabo Verde, Guiné-Bissau e São Tomé e Príncipe. Timor-Leste terá tamén un espazo e completará a serie un programa especial onde Galicia e as relacións luso-galaicas son protagonistas trala prolongada andaina.

A linguaxe das narracións estará orixinariamente en galego (sen descartar outras linguas, especialmente a portuguesa e a inglesa, ou calquera outra, xa que a edición dispón de banda internacional libre) terá unha sinxeleza para a súa meirande comprensibilidade. Canto ás intervencións, fomos partidarios de mantelas na lingua orixinal (portugués, crioulos, linguas nativas..), que será subtitulada se a mensaxe entraña dificultades para o telespectador ao que se dirixa.

Á parte das transicións técnicas, haberá outras introdutorias a diversos aspectos xeográficos ou etnográficos que estarán baseadas en frases, versos ou pequenos escritos de figuras literarias locais.

A característica intemporal das narracións nos guións de “Terras de Acolá” suporá unha gran vantaxe para o emisor xa que poderá repoñelos cantas veces decida, sen risco de desactualizacións ou contextos extemporáneos.

Terras de Acolá
Serie Documental



4. CONTIDOS

Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 1 "PORTUGAL, MIRADOR OCEÁNICO"

Comeza a serie documental "Terras de Acolá" co capítulo "Miradoiro Oceánico", dedicado a presenza do mar como clave na historia e no sentir de Portugal. Trátase dun constante ollar ao exterior, cara a inmensa extensión de océano que os portugueses souberon atrapar fronte de si, animándoos a descubrir o mundo. Un mar que forxou lendas mariñeiras, moitas delas tristes como cantan os fados. As travesías marítimas e as novas terras que os portugueses atoparon non só se deberon ao interese das clases altas por atopar novas riquezas, senón tamén ao avance científico da Escola Náutica do Sagres. Dende a metrópole, Lisboa, chegaron a terras afastadas onde deixaron como principal pegada a súa lingua, de aí o nacemento da Comunidade dos Países de Lingua Oficial Portuguesa, coas súas capitais que, como Lisboa, tamén se estruturaron mirando ao mar. Preto de Lisboa, en Penixe, está tamén o cárcere que retivo os presos políticos, liberados tralo trunfo da Revolución dos Caraveis en 1974.



Entre os principais monumentos e cidades preto de Lisboa, como Cascais ou Estoril, existen vestixios dunha historia emparentada con Galicia: Velaí a romántica lenda de amor da galega Inés de Castro e o rei Pedro de Portugal. No mosteiro da Alcobaça atópase a tumba desta galega coroada postumamente como Raíña de Portugal.

Como parte da historia pasada e presente de Portugal, figuran algunhas das súas principais actividades empresariais, coma a industria do vidro en Marinha Grande. Se o mar trouxo riqueza a Portugal, do mar vén tamén un dos seus produtos máis recoñecidos: o bacallau. As capturas pesqueiras deron lugar a innumerables lendas e relatos arredor do traballo e as fazañas dos pescadores. Tamén haberá referencias as artes "xabega" de pesca e a captura do atún nas almadrabas do Algarve.

Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 2.

“PORTUGAL, SERRAS Y CHAIRAS”

Este capítulo de Terras de Acolá afonda no Portugal, se cadra, máis descoñecido: o Portugal interior, os seus usos, costumes e tradicións seguindo as celebracións que marca o ciclo do ano, desde o inverno ata o verán. Na época invernal destacan as cerimoniais dedicadas ao lume, na zona centro e norte. As figuras dos “pauliteiros”, danzantes que reclaman a súa esmola son mostras destas festividades.



que recibe anualmente.

En primavera, ten mención especial a Semana Santa de Braga, cunha mestura de tradición cristiá e elementos pagáns. E, entre estes últimos, antigas cerimoniais bautismais na Ponte da Misarela, sobre o río Rabagão, na raia con Galicia. Máis ao sur, tamén nestas datas, a devoción pola virxe de Fátima e a grande peregrinación

A época estival presenta celebracións na que a protagonista é a relación entre o home e as bestas. Así, no sur, celébranse as touradas, polas que un grupo de mozos tentan domar a un touro, e no norte a “chega dos bois”, onde unha parella destes machos miden as súas forzas. Con proximidades e semellanzas con Galicia, na zona norte de Pitões, celebran nos veráns unha tradicional romaría que leva as súas xentes ata o cumio da atalaia do lugar, desde onde se pode gozar das magníficas vistas sobre o Parque Nacional do Xurés.

E xa no outono resulta tradicional “tomar as augas” nos abundantes balnearios de auga mineiromedicinal sobre todo do centro-norte. Na zona de Guimarães afondarase no coñecemento da historia do rei Afonso Henriques I, primeiro rei de Portugal, do século XII. Como recuperación das vellas tradicións, figuran a preparación hoxe en día dos queixos artesanais da Serra da Estrela. E neste paseo por cidades históricas portuguesas, destacan tamén as de Coimbra, Monsanto, Idanha a Velha, e xa, no Alentejo, as cidades de Évora e Castro Verde, coa súa tradicional feira do Castro, celebrada tamén no outono.

Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 3. "PORTUGAL, RAIAS NA AUGA"

Os ríos, a auga, son o alicerce sobre o que se fundamenta este terceiro capítulo de Terras de Acolá. Ríos que, noutrora, separaron ou serviron de lindes xeográficos, enténdense agora como elementos de unión entre os pobos.

O documental mergúllase primeiro nas augas do río Guadiana, polo sur, visitando históricas vilas fronteirizas con España, como Olivenza, e os seus vestixios de torres e castelos relacionados con épocas pasadas nas que se dirimía a súa posesión. A vida na fronteira entre un e outro país deu lugar, noutros tempos, a actividades e ocupacións concretas, coma os pescadores e mesmo os contrabandistas.



augas.

E entre estes ríos, quizais o máis recoñecido e con máis unións hispano-lusas é o Texo. O documental recupera aquí, de novo, outra antiga tradición profesional, a dos "murtoseiros" e "avieros", mariñeiros que no duro inverno emigraban ás terras altas do río para a pesca fluvial, e tamén as súas peculiares construcións nas beiras do río, as *palhotas*, preparadas para a suba das

Seguindo unha orde xeográfica, cara o norte, é parada obrigatoria a do río Douro, internacionalmente coñecido polo seu viño. A visita a Peso da Régua e Vila Nova de Gaia axuda a coñecer máis a súa produción. E máis arriba, no nordés luso, o documental internarse en culturas e linguas que aínda perduran co paso dos séculos, como é o caso do mirandés, segundo idioma oficial de Portugal.

E por último, raiando con Galicia, o río Miño, e arredor dél, o coñecemento de culturas e antigas tradicións, coma a dos canteiros e o seu singular vocabulario "a verba". E, por suposto, están presentes tamén os seus habitantes grazas á exposición da afamada pesca da lamprea.

CAPITULO 4
“AZORES E MADEIRA, O MEDITERRÁNEO ATLÁNTICO”

As dúas únicas autonomías de Portugal, Os Azores e Madeira, gardan elementos atlánticos, pero tamén mediterráneos. A mil cincocentos quilómetros da Península Ibérica, o arquipélago dos Azores e as súas nove illas conforman unha paisaxe natural onde abundan as pegadas ocasionadas polos movementos sísmicos, de feito este capítulo de Terras de Acolá comeza coa imaxe do volcán de Pico e continúa máis adiante coa nova terra que xurdiu da erupción do Capelinhos, en Faial. É curioso comprobar o rebulir da actividade sísmica coas fumarolas e mananciais que fan xurdir vapor e calor do solo, aproveitando este incluso para facer cocidos tradicionais.



A natureza das illas da froitos desexados polo home, como é o caso do viño *verdelho*, na illa de Pico e o inconfundible viño de Madeira; o té, tendo a única plantación de Europa, e as *ananás* de Sao Miguel. E entre estes manxares, figura a sopa do Espírito Santo, froito da devoción portuguesa á terceira persoa da Trindade, manifestada tamén nos chamados “imperios”, capelas espalladas polo arquipélago.



Ponte entre América e Europa, hai innumerables vestixios desta localización estratéxica, desde a base da OTAN en Terceira, ata as murallas e castelos que tamén se poden ver nesta illa, e que nos falan da súa historia. É obrigado recuperar a época da Descuberta, con João Gonçalves e Tristao Vaz, na illa de Madeira, un illote onde o turismo é agora a súa principal actividade económica. Estas illas do arquipélago de Madeira foron onde comezou a grande epopea marítima na época do Infante Don Henriques, destacando a este respecto a casa-museo do almirante Cristóbal Colón na illa de Porto Santo.

Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 5

“CABO VERDE, PATRIA DA MORABEZA”

Cabo Verde componse de dez illas, distribuídas de xeito que na parte norte atópanse as de barlovento, que reciben a forza dos ventos e das mareas, e na parte sur, as de sotavento. Todas elas a unha distancia duns catrocentos cincoenta quilómetros ao oeste do continente africano, ó sur das Illas Canarias. A súa historia ten un antes e un despois da súa descuberta, nomeadamente polo navegante portugués Diego Afonso. Antes do século XV estaban deshabitadas e presididas polo volcán, aínda activo, da illa de Fogo. As principais pegadas portuguesas comezan na chamada Cidade Vella, na illa de Santiago, resgardada polo forte de San Felipe dos ataques dos piratas, actualmente restaurado coa cooperación española. Esta illa foi coñecida tamén por ser centro do mercado escravista.



Posúe unha cultura rica. Froito da súa mestizaxe, ten unha lingua propia, o creoulo, que coexiste coa lingua oficial: o portugués. A independencia do país, en 1975, tivo como referente o movemento cultural “Claridade”, impulsado polos escritores Jorge Barbosa e Manuel e Baltasar Lopes. Como parte da súa cultura, destaca a música, sendo a *morna*

a principal composición musical caboverdiana, que expresa “a mágoa da vida”, en palabras da cantante Cesárea Évora. Unha cultura que desemboca na *morabeza*, sentimento que fala da amabilidade co forasteiro, da hospitalidade. A gastronomía da lugar a pratos elaborados con millo, coma a *cachupa*, ademais dos peixes e o *grogue*, augardente da cana do azucre, sendo a principal illa para este cultivo agrícola á de Santo Antón.



Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 6

“GUINE-BISSAU, MOSAICO DE POBOS”

Desde o punto de vista natural o máis representativo de Guinea Bissau, sexa o arquipélago dos Biyagós, formado por oitenta e oito illas nun espazo cualificado pola Unesco como “reserva ecolóxica da biosfera”.



Pero o máis salientable de Guinea Bissau é a súa variedade étnica e cultural. É aquí onde atopamos quizais máis elementos culturais africanos, coma os bailes que marcan o paso da adolescencia á madurez, moi tradicionais en África, coma o denominado “cabaço de billanti” e algunhas cerimoniais relixiosas que requiren sacrificio de animais.

A pegada portuguesa en Guinea Bissau comeza coa conquista de Nuno Tristán, no século XV. Unha descuberta a través dos ríos, cara o interior do país, formando cidades nas ribeiras, coma Cacheu. Na súa historia recente, coa independencia en 1974, é salientable a figura de Amílcar Cabral, político que tentou unificar Guinea con Cabo Verde, e que foi asasinado. Nunha extensión semellante á de Galicia conviven quince etnias. Maníftase esta mestizaxe no seu Entroido, un dos máis raciais de África e na riqueza lingüística, sendo o portugués a lingua oficial. O creoulo é moi espaxiado xunto con nove linguas troncais, das que se derivan dúcias de falas locais.

O mercado de Bissau é reflexo desta variedade, nel atópase mesmo a *galinha da guiné*, o animal que leva o nome do país, ou prendas típicas como *capolanas* e panos. O país depende moito da agricultura, exporta castaña de *cajú* (anacardios) arroz e pesca. Salientan, por sair do subdesenvolvemento, os esforzos socializadores das radios comunitarias e dos misioneiros. Convén lembrar os avances sociais, coma o asociacionismo rural das mulleres en Lemberén, tendo en conta o marco dunha cultura musulmá con primacía do poder do home, exemplificado na figura dos *régulos* ou xuíces da aldea.



CAPITULO 7
“SAO TOMÉ E PRÍNCIPE, AS ILLAS DO CHOCOLATE”

São Tomé e Príncipe é o segundo estado máis pequeno de África, despois das Illas Seychelles e está situado no medio do golfo de Guinea e na mesma liña do Ecuador. De orixe volcánica, estas pequenas illas destacan pola súa natureza desbordante, á cun clima de abundosa chuvia. Percorren o terreo numerosos ríos, nos que chama a atención a imaxe típica das lavandeiras sempre cantando.



En São Tomé e Príncipe a raizame africana amósase en variados elementos culturais, coma a frenética *Dança Congo*, que fala dunha herdanza mal atendida, logo recuperada. Outras manifestacións culturais falan tamén dos potentados colonos, como é o caso das representacións teatrais que teñen lugar no medio da floresta, coma a traxedia ou *Tchiloli*. Entre as linguas creoulas, -tendo coma lingua oficial o portugués-, destacan a angolár e o forro, que é maioritario. Cómpre mencionar o labor do Instituto Camôens, na normativización da lingua portuguesa, presente en todos os Estados da Comunidade dos Países de Lingua Oficial Portuguesa (CPLP). Neste país, debido á proximidade de áreas francófonas, o francés estudase máis có inglés .

São Tomé leva o nome do santo do día no que foi descuberta, 21 de decembro, polos navegantes portugueses Pedro Escobar e João de Santarem no século XV. E Príncipe chamouse en memoria do despois rei portugués, João II. Ademais da súa posición estratéxica, destacou de sempre a súa produción de azucre, substituída despois por especies alleas, coma o café e sobre todo o cacao. En relación ao fenómeno da escravitude, en São Tomé produciuse a “revolución dos angolares”, escravos naufragados nestas costas que loitaron contra o colonizador e que se estableceron no sur, na cidade de São João dos Angolares.



Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 8 “ANGOLA, LATEXAR AFRICANO”

Descuberta no século XV polo mariñeiro Diogo Cao, Angola leva o nome que as tribos indíxenas utilizaban para denominar ao seu xefe: N'gola. O documental de Terras de Acolá mergúllase neste país que antes da conquista formaba parte dun extenso Reino do Congo. Viaxamos desde os desertos, nomeadamente o de Namibe, onde aínda existen oasis, ata a gran urbe de Luanda, a capital. A viaxe é compartida polos pobos nómades, coma os *mukubais* co seu gando transhumante e outros máis sedentarios, coma os *muimilas* que crían cabras, vacas e cebús, gando propio que se mestura na paisaxe coa fauna do país: gacelas, ñus, impalas... E entre estes animais destaca a palanca negra, o antílope símbolo de Angola.



A terra angolana agocha un rico tesouro: os diamantes. O documental fala da historia da súa produción, parella á historia do país, que se independizou en 1975. Tamén destaca o petróleo entre as súas fontes de riqueza. Fronte á imaxe de prosperidade do centro de Luanda, é máis dura a visión dos *musseques* ou barrios marxinais.



Amais da lingua portuguesa se falan diferentes variedades da rama lingüística bantú. Tamén aquí orixinouse a *capoeira*, baile que se estendeu despois cara ao Brasil polos escravos. Os misioneiros e a axuda internacional colaboran nos programas de formación e educación, tendo en conta o exceso de natalidade e a saturación actual nas aulas. “Angola, latexar africano” é un documental con gran colorido onde é fundamental a mestura coas tribos e coa xente dun país moi deshabitado, agás a capital.

Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 9

“MOZAMBIQUE, ESCINTILAR NO ÍNDICO”

Mozambique é un país amable, en claro desenvolvemento e progreso, capaz de respectar a súa rica biodiversidade. Nunha superficie que duplica a do Estado Español, Mozambique alberga seis Parques Nacionais e cinco Reservas Naturais, con flora e fauna mariña, destacando o arquipélago de Bazaruto, e na superficie terrestre, o Lago Niassa, o terceiro máis grande de África. Nas súas ribeiras atópanse leóns, elefantes, leopardos e o espectacular voo dos flamencos.



Fronte á tranquilidade dos lugares costeiros, destaca o bulir da capital, Maputo, antes chamada Lourenço Marques, nome dun afamado comerciante portugués. Pero durante catrocentos anos a capital foi a Illa de Mozambique, onde as construcións coloniais falan do pasado luso, de tempos nos que os colonizadores Pero de Covilha e Vasco de Gama, chegaran a estas terras no século XV, terras que os portugueses defenderon despois fronte os ataques dos

holandeses. Na actualidade o pulo turístico está en Pemba, ó norte da baía de Cabo Delgado.

As illas forman parte da paisaxe deste país, coma á do descubridor Xoán de Nóvoa, nome do Alcaide de Lisboa, nado en Maceda (Ourense); ou a de Ibo, de cultura mácua, unha das máis estendidas, na que os homes son ourives da prata e as mulleres expertas en elaborar con flores roupa e adornos. Culturas e danzas sosegadas, fronte ao Océano Índico, no leste de África, nunha terra que noutrora serviu de paso cara á India.



CAPITULO 10
"RONSEL DA DESCUBERTA"

O Brasil foi descuberto case por casualidade. En realidade foi unha inesperada deriva que tivo o navegante portugués Pedro Álvarez de Cabral, quen empurrado polos ventos alisios e tras dunha gran tempestade abordou terra brasileira en abril de 1500 na localidade de Porto Seguro, onde refuxiou a frota. Cabral tomou posesión daquelas terras en nome da coroa portuguesa e, nun inicio, chamoulle ao país "Terra da Vera Cruz", para posteriormente darlle a denominación de "O Brasil", uns din que por unha árbore que daba tinta e outros porque lle vén do nome dun monte das illas dos Azores. Toda a zona do nordeste brasileiro, primeira en ser colonizada polos portugueses, mantén o nome de "Costa do Descubrimento".

Máis o norte de Porto Seguro, no estado de Baía, atópase a súa capital: Salvador coñecida tanto por ser encrucillada de culturas, como por ser a patria do afamado escritor Jorge Amado. Tamén cara ao norte atopamos a cidade de Recife, en Pernambuco, onde aínda se gardan recordos de Holanda, que atacou e ocupou a cidade no século XVII. Por tal motivo os portugueses construíron fortalezas defensivas ao longo de toda esta costa xa que era cobizada tamén polas armadas francesa e española. Pero Recife é de sempre coñecida pola música e a danza "frevo", substitutiva da "capoeira" cando esta foi prohibida.



No nordeste non se pode desbotar a importancia que tiveron os escravos africanos que foron obrigados a traballar, basicamente, nos labores azucreiros. Con eles veu tamén a súa cultura e relixión esencialmente o "candomblé", riquísima manifestación relixioso-musical que siguen máis de tres millóns de brasileiros.

Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 11

“BRASIL, O RÍO DO MARE DOCE”.

A “pororoca” é un fenómeno natural que ilustra o ruído do Amazonas no seu encontro co Océano Atlántico. Máis de 200.000 m³ de auga por segundo son depositados na súa desembocadura, preto de Belem do Pará, a chamada cidade das “mangueiras”, porta de entrada e saída do chamado “río do mar doce” nos tempos da Descuberta. Como Santarem e Manaus, Belem foi urbe clave para o desenvolvemento socioeconómico da rexión amazónica brasileira.

O segundo documental de Terras de Acolá dedicado ao Brasil afondará na vida, historia e costumes do gran río suramericano, que leva o nome das guerreiras da antigüidade grega, as “amazonas” que loitaban ó mesmo nivel dos homes. Estas figuras mitolóxicas foron lembradas polos exploradores portugueses e españois cando atoparon resistencia nas poboacións das ribeiras. Hoxe, os indíxenas da enorme conca amazónica quedaron reducidos practicamente a reservas despois de séculos de agresións. Malia isto, aínda existen contabilizadas duascenas corenta e sete poboacións pertencentes a etnias diferentes.

O gran río ten, á parte de importantes referencias históricas ós tempos do auxe do caucho ou a revolución dos “cabanos”, atractivos para turistas e viaxeiros, desde grandes áreas protexidas para o “ecoturismo” ata unha gastronomía onde se mesturan sabores europeos, africanos e indíxenas, un riquísimo folclore e unha flora e fauna únicas no mundo



Terras de Acolá

Serie Documental

CAPITULO 12

“TIMOR-LESTE, A ILLA DO SOL”

Timor Leste, posesión portuguesa desde o século XVI, logrou a independencia no ano 2002. A loita por conseguila foi moi dura pola presenza de Indonesia que ocupara o país e que finalmente tivo que abandonar, perpetuando a partición definitiva da illa entre o occidente, dependente de Iacarta, e o oriente, independente.

Timor Oriental ou Timor-Leste mantén aínda como lingua oficial o portugués, pero o “tetum” é a lingua nacional e ten orixe malaio-polinésico. O “tetum” está a loitar para lograr o seu total recoñecemento oficial. Pero nesta pequena porción de terra insular hai tamén un total de dezaseis falas locais e unha rica diversidade étnica. Timor-Leste é un país católico pero hai presenza doutros credos, e está rodeado da relixión musulmá, xa que Indonesia é o país do Corán máis populoso do mundo.



Os timorenses están a recuperar o seu país con orgullo e perseveranza. As portas ao turismo están abertas para descubrir unha illa descoñecida. Na costa hai actividades de mergullo xa que as visións submarinas son consideradas das mellores do mundo. As paisaxes timorenses son únicas e variadas, xa que á fermosa costa haille que engadir as zonas extremadamente verdes e húmidas da alta montaña.

A artesanía e o folclore son moi apreciados, sobre todo as danzas “kabala”, un elegante baile cerimonial que se fai na honra dos visitantes. Dili, a capital, posúe xa todo tipo de facilidades para os estranxeiros que queiran coñecer este exótico país.

Terras de Acolá

Serie Documental

CAPÍTULO 13 "HERMANDAD ATLÁNTICA"

A serie documental "Terras de Acolá" chega ao seu final con un programa especial de 30 minutos, sempre coa vista posta en Galicia, onde partiu a iniciativa desta longa viaxe de 184.00



quilómetros por catro continentes. O remate da serie ten en conta os vencellos de Galicia co mundo luso e as relacións históricas comúns desde a antiga Gallaecia romana, ata o afondamento das realidades linguísticas partindo do tronco común a lingua galaico-portuguesa, fundamental e única nos tempos medievais. Asemade pónse incidencia na utilidade da lingua galega o través de todos os países percorridos, desde unha perspectiva galega e


internacional tendo por premisa a irmandade atlántica. Como non podía ser doutra maneira faise un repaso da importancia dos creoulos e das linguas nativas, máis de oitenta. Amais dos oito países integrados na CPLP haberá neste programa referencias a outros enclaves noutrora lusos como Macao, Guinea Ecuatorial e Illa Mauricio.

Portugal sempre mirou cara ao Atlántico, nun miradoiro oceánico que animaba a pescudar algo máis alá, como fixo Cristóbal Colón, finalizando os seus cálculos desde as illas de Madeira, antes da descuberta americana. Os portugueses fixeron o mesmo, tempo antes, polas derrotas de Africa, Asia e , no 1500, O Brasil.

En "Irmandade Atlántica" a narración deténse tamén en aspectos salientables da idiosincrasia dos pobos, e nas súas puntuais semellanzas coa cultura galega, desde o folclore ás manifestacións relixiosas non exentas de paganismo, desde o mundo de traballo ata as comunicacións e os adiantos tecnolóxicos, desde a situación da muller ás ameazas o medio natural. Todo un compendio de situacións resumidas no desexo para o mellor futuro da familia lusófona.



Terras de Acolá
Serie Documental



5. EQUIPO PROFESIONAL DE "TERRAS DE ACOLÁ"
6. ENTIDADES Y PERSONAS COLABORADORAS

5. EQUIPO PROFESIONAL DE “TERRAS DE ACOLÁ”

Guión e dirección

Luís Menéndez

Produtor executivo

Luís Collazo

Producción

Mónica Hidalgo

Xavier Collazo

Virgilio Carrera

Realización-edición

Hitxu Guillán.

Imaxe

Luis Pardo de Vera

Mario González.

Nel Díaz

Posproducción

Manuel A. Martín

Son directo

Iván Mosqueira.

Posproducción de son

Gonzalo Gil

Alex Soneira.

Documentación

Isabel García

Deseño

Fernando Ruibal

Asesores lingüísticos

Luz Mendez

Rocío Pérez.

Carme Saians.

Administración

Virgilio Carrera

Begoña Alonso

Medios técnicos

Ignacio Fernández

6. ENTIDADES Y PERSONAS COLABORADORAS

TAAG-Linhas Aéreas de Angola. Endiama. Bispado de Malange. Luis Maria Pérez de Onraita. Embaixada de España en Angola. Francisco Javier Valleure. Juan Lueiro. Cooperación española. Xose Lois García. David Borges. Família Nunes-Socolil. Parroquia de Tombwa. Alberto Mbundi. Ismael Mateus. Luís Saraiva de Carvalho. Ana Fernández. Luandino Vieira. Manuel Rodríguez Vaz. Jose Manuel Miquel. Galeria Celamar. Hotel Lubango. TAP. TAM. Oficina de Turismo do Recife. Empetur. Bahiatursa. Setur. Grou S.A. Comunicasson. Manolo Bello. Pilar Díaz. Museus da cidade do Recife Terreiro Pai Adao. Sinagoga de Recife. Fundación Ricardo Brennand. Fundación Francisco Brennand. Paula Borges. Leonardo Dantas. TV Brasil. Adriano de Angelis. Engenho Uruaé. Cissa Campos. Solar de Unhão. Museo Afro-Brasileiro de Salvador. Casa Fundación Jorge Amado. Reserva da Jaqueira. Hotel Mirasol. Prefeitura de Manaus. Conselho Indigenista Missionário. Floresta Nacional do Tapajós. Comunide Maguary. Teatro Amazonas. Palacio do Rio Negro. Tiwa Amazonas Ecoresort. Museus da Cidade de Bélem do Pará. Gustavo Jarussi. Arminda Mendoza. CPLP. Luis Fonseca. Antonio Ilharco. TGV (Televisión Guinea Bissau). Eusebio Nunes. RGV (Radio Guinea Bissau) Embaixada Guiné-Bissau en Lisboa. Hamadi Ahmed Yama. Açcao para o Desenvolvimento (AD). Hotel Bissau. Mamadu Jao. Fátima Proença. Carlos Scharwz. Victor Madrigal. Inocencio Gomes. Mamá Seide. Francisco Conduto. Quintino Bedane. Santiago Rodriguez. Xabier Sánchez. Agueda Gomez. Muttaro Galissa. Felisa Rodriguez Pardo. Fernanda Almeida. Turismo de Portugal Norte ADETURN. Vidago Palace Hotel, conference & Golf Resort. Hotel Ibis Bragança. Casa nobre do Correio Mor. Luís Martínez Risco. Paula Godinho. Universidade Libre de Lisboa. Museo nacional de Etnoloxía. Gonzalo Vázquez Pozo. Manuel Antonio Cao. José Viale Moutinho. Quality Inn Montalegre. Restaurante Nevada. Câmara municipal de Montalegre. Orlando Alves. Compañía teatral Filandorra. Junta de Freguesía de Pitões. António Ferreirinha. Caldas de Chaves. Hotel Aquae Flaviae. Comisión de festas de Costantín. Câmara municipal de Seia. Queijos Casa Matias. Quinta do Chão da Vinha. Hotel Camelo. Restaurante O Fialho (Évora). Aldeias históricas de Portugal. Oficina de turismo do Alentejo. Câmara municipal de Castro Verde. Turismo de Portugal. Oficina de Turismo de Lisboa. Associação "Alcance" (Alcoutim). Victoria Cassinello. Câmara municipal de Vila Velha de Rodão. Estalagem Portas de Rodão. Francisco Henriques. Associação de estudos do Alto Tejo. Humberto Vasconcelos. Projecto Palhota Viva. Região turismo Douro Sul. Aida Cuiñas. Estalagem Santa Catarina. Xerardo Pereiro. Universidade Tras-os-Montes e Alto Douro. Faculdade de Antropoloxía. Restaurante Balbina. Restaurante Jordão. Domingos Raposo. Radio Mirandum. Câmara municipal de Melgaço. Rui Solheiro. Estalagem Casa Melo Alvim. Restaurante Conde do Camarido. Grupo etnográfico Areosa. Oficina de turismo do Algarve. Natalié de Jesús. Oficina de turismo de Sotavento. Sónia Tomás. Hotel Faro. Hotel Vila Gale Tavira Albacora. Câmara municipal de Tavira. Escola náutica de Sagres. Museo dos Descobrimentos (Lagos). Aurícia Erika. Pedro Félix. Museo do Fado da Alfama. Radio Televisão Portuguesa. José Fragoso. José Maria Lopes de Araújo. Luís Marinho. Bruno Santos. Fátima Cavaco. Instituto Camôens. Maria de Jesús Lopes. Samuel Rego. Didier D´Arcy. John Rutterford. Oxford University. King´s College London. Câmara municipal de Vila do Conde. Hotel Santana - Vila do Conde. Museo do Mar de Ilhavo. Álvaro Garrido. Estalagem Riabela. Torreira Pescas. Tavares Mascarenhas, S.A. Oficina de Turismo Timor-Leste. Embaixada de Timor-Leste en Lisboa. Discovery Inn. RTP Timor-Leste. Francisco Piedade. Pedro Balador. TVTL. (Televisão de Timor-Leste). Eleuterio Sousa. Universidade Timor Loro Sae. Benjamín de Araújo. Ministerio de Agricultura de Timor-Leste. Pousada de Baucau. Jose Ramos Horta. Museo do Trabalho de Setúbal. Úrsula e Rosa Soares. Grupo folklórico *Haburas Domin*. Grupo danza mulleres de Ocom. Cindi Mendoza. Pescadores de Jaco. Embaixada de España en Mozambique. FUTUR. Liñas Aéreas de Mozambique. Pemba Beach Hotel. Matemo Resorts. Polana Serena Hotel. João Afonso. Francisco Noa. Gervasio de Jesús. Fernando Sumbana. Xesús Pérez. Antonio Yañez. Eliseu Rodrigues. Carla André. Turismo dos Açores. Turismo de Madeira. Hotel Quinta da Bela Vista. Alberto Vieira. Madeira Wine Company. Hitfly Airlines. Hotel Marlin Beach. Câmara Municipal de Água Grande. Embaixada de São Tomé e Príncipe en Lisboa. Grupo Tempo. Tragedia Florentina de Caichao Grande. Inocencia Mata. Joel Gómez. Nacho García. Oscar Medeiros. Luís Morais. Gabriel Pires. Cosme Mota. Isaac Santos. Claudio Corillo. Charles Moda. Radiotelevisão Caboverdiana. João Pires. Transportes Aéreos de Cabo Verde (TACV). Hotel Riu Funana. Ministerio de Cultura de Cabo Verde. Câmaras Municipais das Ilhas de São Vicente, Santo Antão e Sal. Restaurante Cultural Café. Batucadeiras da Cidade Velha. Luzía Oca. Carmelina Presa. Moisés Évora. Universidade Lusófona. Esmeraldo de Azevedo. Gregorio Firmino. Zacarias T.Sumbana. Faculdade de Letras de Maputo. Abacar Abdul Safar Naimo. Alfredo Ramos. Maria Cremilda Massingue. Aureliano Antonio Ribeiro.